




MONTE ALBA

Panorámicas de Vigo

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km
Dificultade: baixa
Duración: 3 horas

A cidade de Vigo, con case trescentos mil habitantes, é a máis poboada de Galiza. Capital do concello do mesmo nome, aséntase na banda sur da ría mirando ao Morrazo e ás illas Cíes. Para contemplala en toda a súa extensión propoñemos un achegamento ao monte Alba, un lugar que destaca sobre todos os demais, pola súa proximidade á cidade, pola amplitude das vistas e porque nos permite pasar un día dando pequenas camiñadas e gozando da natureza.

O monte Alba (coñecido tamén como monte de San Bartolomeu) atópase na parroquia de Valadares e forma parte dun pequeno macizo granítico de dous cumes, o monte Alba e o monte Cepudo. Ten 502 m de altitude e está coroado por unha capela adicada á Virxe da Alba. A capela formaba parte dunha fortaleza medieval coñecida co nome de Castelo do Alba, pertencente á familia Valladares. Desde o cume podemos contemplar todo Vigo, a ría, as illas Cíes e Ons, a península do Morrazo, a serra do Galiñeiro, o val Miñor e parte da costa ata Cabo Silleiro e os montes da Groba. As vistas cara ao sur e cara ao interior melloran se nos achegamos ao cume do Cepudo ao que podemos acceder en coche ou facendo unha curta camiñada. Pola zona tamén atoparemos numerosas esculturas froito do Certame de escultura abstracta contemporánea organizado pola comunidade de montes de Valadares baixo o título Arte e Natureza desde o ano 1999 que forman a ruta "Chans das Esculturas". Completamos a viaxe coa visita ao parque forestal do monte dos Pozos no que podemos contemplar tamén boas vistas de Vigo e pasar un tempo nun entorno forestal agradable que se completa cun fermoso lago artificial.

COMO CHEGAR

A pesar dos numerosos cruces sinalizados que podemos atopar para acceder ao miradoiro do monte Alba o máis acertado e directo e o que sae desde A Garrida que sube directamente ao monte e xusto ao pasar un bar que hai á dereita da estrada temos que coller un ramal á esquerda que nos leva aos cumes. Un pequeno alargado á esquerda, nunha curva, é o lugar no que temos que deixar o coche para subir a pé ata a capela e descubrir de súpeto o que a frondosidade da vexetación que abeira a estrada mantivo en segredo. Para achegarse ao monte dos Pozos desde o monte Alba hai que baixar cara á Garrida e coller o primeiro desvío asfaltado á esquerda, seguilo durante uns dous quilómetros, pasando por diante do cemiterio privado e coller, un pouco máis adiante, outro desvío á esquerda que nos leva ao pé do lago.

O monte Alba, o Cepudo e o monte dos Pozos tamén son puntos de interese do roteiro de longo percorrido "Panorámico de Vigo", indicado como GR-53, que percorre o perímetro do concello pasando polos cumes máis destacados, ofrecendo a oportunidade de gozar do entorno natural próximo á cidade e permite contemplar aspectos novos (históricos, etnográficos e paisaxísticos) do contorno.

Existe un roteiro a pé (PRG-9, de 11 km) desde A Garrida a Coruxo pasando polos montes Cepudo e Alba, Chandebritto, onde hai un castro, Fragoselo, onde se poden ver uns petroglifos, e remata preto da igrexa románica de Coruxo do século XIII. Pódese acceder ao inicio e remate da ruta en autobús urbano.



Cumes dos montes Alba e Cepudo.




Capela do monte Alba.



Vista parcial de Vigo e a ría desde o cumo do Monte Alba.



Lagoa artificial no Monte dos Pozos.



Numerosas bolboretas gustan de voar nos espazos abertos dos cumes dos outeiros entre elas a *Papilio machaon*, unha das mais grandes e chamativas que podemos atopar en Galiza.



Vigo desde o cumo do Cepudo. No primeiro plano, coroado pola capela, o monte Alba.